


Pétala

Bruno Galán, Pep

OQO

Materia: INFANTIL Y JUVENIL
Colección: COLECCION O
Encuadernación: TAPA DURA
PVP: 15.90 €
EAN: 9788498716511
Páginas: 36
Tamaño: 250x230 mm.

Un día Pétala vai regar as plantas e descobre que non hai auga. Disposta a coñecer o motivo,voa ata as nubes e atopa un tremendo dragón que se apoderou da casa da chuvia…

- Pep Bruno para desenvolver a idea orixinal do ilustrador, Luciano Lozano, constrúe un texto sinxelo, con poucas frases e acontecementos ben dosados.
- A súa historia anima os máis pequenos a tomaren partido activo, sen se acovardaren ante os problemas. Só así avanzarán no camiño dos bos hábitos, da independencia e a seguridade.

Sinopsis

Pétala é un álbum moi visual que ao fío da acción e desde unha perspectiva fantástica, trata transversalmente o problema da escaseza de auga, un recurso esencial para a vida e a conservación do medio. Coa lectura podemos transmitir os valores necesarios para fomentar a conciencia medioambiental e reflexionar sobre a necesidade de coidar o planeta. Alén diso, en concreto, a literatura infantil reforza a asociación simbólica con determinados significados e facilita a asimilación da realidade externa. A lectura deste conto pode constituír unha boa estratexia para estimular a conciencia medioambiental na infancia, porque no lector se xera de maneira natural un novo concepto da importancia da auga, despois da experiencia co álbum. Finalmente, Pétala convertida en narradora, contará a súa aventura, e revelaranos a todos un segredo: os dragóns, por feroces e monstruosos que parezan, tamén teñen medo.